
O BUSCADOR GOOGLE DISPOÑIBLE EN GALEGO

- Actualizado ()

O motor de procura Google (<http://www.google.com/intl/gl/>) acaba de ser traducido ao galego. Para cambiar o idioma do sitio, tedes que ir a "preferencias/preferences" e elixir o galego como idioma da interface. Logo debedes premer en "Salvar preferencias/Save preferences" para ver os cambios.

Google é un dos motores de procura máis utilizados en Internet, e a súa popularidade medrou enormemente nos últimos tempos. Conta con máis de 1300 millóns de páxinas indizadas e as súas respostas soen ser rápidas e axeitadas.

Aínda non están traducidas as súas páxinas de axuda ao galego, polo que podeades atopar unha traducción delas no sitio de galego21 (<http://www.galego21.org/google/>)